



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia contemporánea de España

Materia	Historia contemporánea de España			
Código	004G740V01522			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	5	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio			
Correo-e	jprada@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Historia contemporánea española.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica	
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada	
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	

Contidos

Tema	
1. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME E A IMPLANTACIÓN DO ESTADO LIBERAL	1.1. O reinado de Fernando VII. 1.2. A Era Isabelina. 1.3. O Sexenio Democrático. 1.4. A Restauración Borbónica. 1.5. As transformacións económicas e sociais.
2. A CRISE DO ESTADO LIBERAL, DITADURA, REPÚBLICA E GUERRA CIVIL	2.1. A crise da Restauración. 2.2. A Ditadura de Primo de Rivera. 2.3. A Segunda República. 2.4. A guerra civil.
3. FRANQUISMO E TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA. A ESPAÑA ACTUAL	3.1. A consolidación do réxime franquista. 3.2. O segundo franquismo. 3.3. A transición a democracia e os gobernos de Felipe González. 3.4. A España actual.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	55	77

Eventos científicos	2	0	2
Seminario	8	14	22
Traballo tutelado	5	30	35
Resolución de problemas de forma autónoma	2	1	3
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Explicación dos contidos máis relevantes da materia por parte do profesor.
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal ou diversa organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía, a Facultade de Historia ou a Área de Historia Contemporánea.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistrais.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea ou á realización de traballos monográficos, individuais ou colectivos baseados en bibliografía específica. Deberán estar asignados inexcusablemente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Resolución de problemas de forma autónoma	RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE FORMA AUTÓNOMA: Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistrais que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos, análise e interpretación de materiais gráficos, videográficos e filmográficos, etc.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado e co seu seguimento e orientación, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá no seguimento individualizado das actividades orientadas á elaboración dos traballos prácticos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (MooVi), Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Campus Remoto (enlace MooVi).
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá no seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación de actividades, probas de avaliación e realización dos traballos en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (MooVi, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Campus Remoto (enlace MooVi).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	15	

Traballo tutelado	Presentación, defensa e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a bibliografía e o seu uso correcto e a presentación e exposición formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica ou no traballo con fontes históricas e análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 1,5 puntos dun máximo de 3 puntos.	30
Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,75 puntos dun máximo de 1,5 puntos.	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame escrito. Valoraranse os coñecementos teóricos da disciplina, a estruturación lóxica das ideas, a conciencia evolutiva dos distintos procesos históricos, a claridade expositiva, o espírito crítico, a madurez do estilo literario (sintaxe, léxico, ortografía, etc.) e a coherencia expositiva. Todo ello mediante probas de avaliación que poderán incluír preguntas ou temas de resposta longa ou de desenvolvemento, comentarios e composicións de texto histórico, incluíndo o comentario de gráficas, imaxes, textos escritos, etc., e cuestións de resposta breve orientadas a determinar a adquisición dos conceptos básicos da materia polo alumnado. Para superar a materia será preciso acadar unha cualificación mínima de 2 puntos dun máximo de 4. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada e coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica.	40
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado e da súa participación activa a través da realización da totalidade das actividades e probas que conforman a programación da materia, incluído o foro. Para o seu control é imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e, no seu caso, o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, participación en foros, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo), examinarase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada, mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e do resto das actividades prácticas fixadas no curso, que suporarán en conxunto un 30% da nota. Todas estas probas, no caso de que así o requiran, deberán estar

asignadas, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial de cada convocatoria ou oportunidade e entregaranse non máis aló da data de realización do mesmo en cada una destas. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 64.g), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como en todas e cada unha das probas que conforman a parte práctica.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aviles, J.; Egido, A. y Mateos, A., **Historia Contemporánea de España desde 1923. Dictadura y democracia.**, Ed. Centro de Estudios Ramón Areces, 2011

Buldain Jaca, B. (dir.), **Historia Contemporánea de España (1808-1923)**, Akal, 2011

Canal, J. (dir), **Historia Contemporánea de España. 2 vols.**, Taurus, 2017

Bibliografía Complementaria

VV.AA., **Historia de España (vols. 6 a 12)**, Marcial Pons, 2006-2014

Paredes, J. (coord.), **La España contemporánea**, Ariel, 2010

Guerrero, A.; Rueda, G. y Pérez garzón, J. S., **Historia política, 1808-1874**, Ediciones Itsmo, 2004

Avilés, J.; Sueiro, S. y Elizalde, M. D., **Historia política, 1875-1939**, Ediciones Itsmo, 2002

Marín, J. M.; Molinero, C. e Ysàs, P., **Historia política 1939-2000**, Ediciones Itsmo, 2001

Rueda Herranz, G., **España 1790-1900. Sociedad y condiciones económicas**, Ediciones Itsmo, 2006

Sánchez Marroyo, F., **La España del Siglo XX. Economía, demografía y sociedad**, Ediciones Itsmo, 2003

Artola, M., **La burguesía revolucionaria (1808-1874)**, Alianza Editorial, 2006

Martínez Cuadrado, M., **La burguesía conservadora (1874-1931)**, 1º, Alianza Editorial, 1974

Tusell, J., **Historia de España en el siglo XX.**, 1ª, Taurus, 1998

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil